

AUDIOLIBRO DRAMATIZADO

Libro _____

Autoría _____

Ano de publicación _____

Autoría do traballo

Nivel _____ **Curso** _____

Ano académico _____

[ESTE DOCUMENTO DEBERÁ IMPRIMIRSE E CUBRIRSE Á MAN E LOGO DEBERÁ SER ENTREGADO NA AULA O DÍA QUE REMATA O PRAZO DE ENTREGA]

CREACIÓN DUN AUDIOLIBRO DRAMATIZADO

O obxectivo é crear unha versión en audio dramatizado dun ou varios capítulos da obra dependendo da súa extensión (deberase consultar coa profesora).

Que capítulo ou capítulos se van ler?

Debe ser un capítulo que sexa importante no desenvolvemento da trama e que inclúa varias voces diferentes.

Contando a voz narradora, cantas voces diferentes aparecen ao longo do capítulo ou capítulos?

Isto é importante porque, sen forzar a lectura, deberemos procurar que cada voz soe diferente para quen escoite despois o audiolibro.

Cales son as voces que aparecen?

Agora é o momento de decidir que vai facer singular a cada unha das voces na lectura. Escribe/Escribide a listaxe das voces e ao seu carón algo que a poida facer singular e recoñecible para quen escoite.

Nesta altura toca buscar no texto que sons de ambientación podemos incluír na nosa lectura segundo o contido.

Poden ser son procedentes de persoas (ruído de xente de fondo etc., de animais (aves ou outros animais etc.), de obxectos (unha porta, un reloxo etc.)...

Escribe/Escribide os sons de ambientación que desexades incluír na vosa gravación para que quen escoite poida percibir con maior veracidade a historia.

Pode acontecer que nese capítulo non haxa ningunha referencia explícita para este aspecto, nese caso, deberás/deberedes buscar as referencias no conxunto da obra ou inventalas sempre e cando sexan coherentes co que se conta.

GRAVACIÓN DA CREACIÓN DO VOSO TRABALLO

Agora é o momento de practicar a lectura.

Non tes/tedes que gravar todo o capítulo nunha única sesión, o mellor é practicar por fragmentos non inferiores a unha páxina e logo editar o audio.

Precisas/Precisades:

- un lugar adecuado, silencioso e sen ecos
- un micrófono coa suficiente calidade como para recoller ben a voz de forma clara.
- unha lectura clara, ben vocalizada, cunha boa entoación e que exprese as emocións de maneira apropiada.
- realizar unha gravación de proba para ver se o volume e a distancia ao micrófono son as apropiadas xa que deberán ser as mesmas ao longo de todo o audiolibro para que o resultado sexa bo.
- gravar varias tomas do mesmo fragmento para escoller logo a mellor.
- editar o audio antes de entregalo.
- na versión final o capítulo lido deberá ir precedido dunha presentación onde apareceran o título da obra, a autoría, o número e o título do capítulo.
- na versión final o capítulo lido deberá ir seguido dos créditos onde figurará a persoa ou persoas que leron e se interpretaban algunha personaxe ou narrador como se fose unha obra de teatro e finalmente a data e finalidade (traballo académico) da gravación.
- Unha vez rematado, crea/creade un arquivo con portada de imaxe e o voso audio en formato MP4. Podes/Podedes abrir un documento de CANVA do modelo podcast en vídeo, crear a portada, engadir o audio e descargalo en formato vídeo MP4.

Por que razón seleccionaches/seleccionastes esta opción para o traballo de literatura?

Valoración da lectura

Nestes apartado escribiremos como valoramos a lectura desta obra. No caso de realizar a cápsula en parella as valoracións serán diferenciadas.

Valoración do traballo

Nestes apartado escribiremos como valoramos o proceso de elaboración deste traballo. No caso de realizar o audiolibro dramatizado en parella as valoracións poderán ser diferenciadas.

EXPOSICIÓN DO AUDIOLIBRO DRAMATIZADO

Indicacións para a exposición

No caso de ser realizado o audiolibro dramatizado por máis dunha persoa na exposición oral deberán participar de forma equilibrada as dúas persoas integrantes do grupo de traballo.

Guión da exposición

De seguido sinálase o guión para a exposición do audiolibro dramatizado e a distribución das intervencións.

1. Presentación das persoas e do audiolibro dramatizado (persoa 1)
2. Explicación do proceso de elaboración (persoa 2)
3. Audición do audiolibro dramatizado.
4. Valoración da lectura (persoa 1)
5. Valoración do traballo. (persoa 2)
6. Despedida (a libre elección)

ENTREGA DO AUDIOLIBRO DRAMATIZADO

O día que remate o prazo de realización deberá entregarse esta ficha debidamente cuberta á man e un pendrive que conteña un arquivo de vídeo MP4 co audiolibro dramatizado.

O día da exposición deberá levarse á aula o pendrive co arquivo MP4 do audiolibro.